



Mañá **xoves 8 de marzo de 2018** hai convocada unha xornada de **folga xeral de mulleres**, no marco da convocatoria do **PARO INTERNACIONAL DE MULLERES**, de ámbito nacional en favor da igualdade de dereitos e non discriminación das mulleres, convocado polo movemento feminista e secundada por distintas asociacións, plataformas e sindicatos.

Segundo as convocatorias dos distintos sindicatos haberá dúas modalidades de duración:

- 24 horas do día 8 de marzo.
- Paro de 2 horas de duración por diversos tramos horarios durante a xornada laboral do 8 de marzo: de 00:00h a 02:00 horas, de 12:00 a 14:00 horas ou de 19:30 a 21:30 horas, dependendo da quenda de traballo.

Todos os/as traballadores/as están no seu dereito de secundar dita convocatoria de folga como recolle no artigo 28.2 da Constitución Española.

Para esta data, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establece uns **SERVIZOS MÍNIMOS** dirixidos a garantir o servizo esencial á educación nos centros docentes, recollidos no *DECRETO 26/2008 do 1 de marzo do 2018 polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de marzo de 2018*.

(DOG número 47, Mércores 7 de marzo de 2018)

### **Artigo 1.7.3 Centros docentes non universitarios de titularidade pública:**

- A dirección ou membro do equipo da dirección e un subalterno ou subalterna en cada centro escolar. En todo caso, quedará garantida a apertura e peche en todos os centros. Este membro do equipo directivo terá unha función informativa e non docente.
- 1 auxiliar coidador/a en cada centro educativo que non sexa centro de educación especial e que neste curso teña asignado persoal desta categoría.

A Dirección

